

Bos días e saúdos a todos/as

Xustificación da unidade:

Bos días a todos e todas. Espero que esteades ben tanto vós coma a vosa familia.

Queridos amigos e amigas, esta semana, en continuación co tema traballado anteriormente, quérovos contar a vida dunha señora que chamaban Nai, sen ser nai, Teresa de Calcuta en relación ca mensaxe de igualdade de Xesús.

Recordade que estas actividades son propostas voluntarias, que a actividade principal e estar en familia e desfrutar da compañía de vosos papás, mamás, irmáns, avós e avoas, porque tal como dixo Teresa de Calcuta, “pasamos moito tempo gañándonos a vida, pero pouco vivíndoa”

Obxectivos:

- Reflexionar sobre a igualdade como porta a solidariedade.
- Coñecer a Teresa de Calcuta.
- Descubrir a Xesús coma o gran defensor da igualdade.
- Entender que para que haxa igualdade, ten que haber amor o cal e sinónimo de felicidade.

Desenvolvemento da unidade:

-Introdución:

Antes de dar paso a esta historia, quero que coñezades como era o mundo en tempo de Xesús e de como El se enfrontou a esas inxustizas.

No tempo de Xesús, a vida social non era doada nin para os enfermos, nin para os nenos, nin para os pobres pero sobre todo para as mulleres.

Elas non tiñan dereitos, como temos agora, non podían saír a rúa, non podían comprar, non podían falar cas demais persoas, tiñan que facer sempre o que lles mandaran. Recordade o que vos contei de María, a nai de Xesús, que como estaba embarazada, pero non casada, era mal vista e desprezada. En definitiva, non tiñan dereito a nada.

A razón estaba en que había persoas que pensaban que elas eran mellor cos demais.

Poren, Xesús estaba en contra de isto. El non só era amigo de elas, senón que falaba e compartía unha gran parte da súa vida con elas. Pero non só iso, senón que as defendía.

Si, defendías sen importarlle a súa condición, daquela sociedade inxusta ata o punto de enfrontarse ós poderosos para tal fin.

Pois para Xesús, tanto elas, coma os enfermos, os nenos e nenas, os pobres, aqueles que ninguén quería, eran o máis importante.

Isto foi unha das causas de que os poderosos o odiasen e quixesen matalo, xa que non soportaban que axudase e cuidase destas persoas. En definitiva non soportaban o amor, pois el só era unha cousa, amor, o que supón igualdade e respecto.

Xesús quere que entendamos a importancia da igualdade. Para el ninguén é máis ca ninguén, todos somos iguais, non importa que sexamos homes ou mulleres, ricos ou pobres, grandes ou pequenos, enfermos ou sas. **Porque só dende a igualdade as persoas serán felices e esta só se consegue con amor.**

-Historia:

Para deixar patente esa igualdade que defende Xesús vouvos contar de forma moi curta e con imaxes a historia de Teresa de Calcuta.



Teresa naceu en Macedonia. O seu nome non era Teresa, senón Agnes Gonxha Bojaxhiu.

Cando ela naceu, nas sociedades as mulleres apenas tiñan dereitos.

Sendo nena quedou sen pai por mor dunha enfermidade, co que súa nai tivo que traballar moito para darlle de comer, pois a situación non era doada, pasando momentos moi desesperantes.

Dende moi nova despertou no seu corazón un gran amor por Xesús, o que a levou ós 18 anos a marchar para Irlanda a estudar.

Alí fíxose mestra e estivo dando clase durante vinte anos.



Un día coñeceu todo o que estaba a pasar na India e decidiu marchar para alá a cuidar os pobres que vivían na rúa, os abandonados, os famentos, os nenos e nenas,



a tódolos que estaban sós e tristes.

No ano 1979 concedéronlle o Premio Nobel da Paz. Faleceu en 1997 con 87 anos. Cando faleceu toda a India chorou por ela.

Pola súa labor chamáronlle Madre Teresa, non porque tivera fillos, que non os tivo, senón porque cuidou de tódalas persoas que atopou no seu camiño coma unha nai, loitando, a semellanza de Xesús, contra as inxustizas e só por unha cousa, polo amor de Xesús, que era a base da súa vida.

Ese amor foi o que fixo que nela houbera sempre un sorriso, pois anque pareza moi dura a labor que facía, ela era feliz, moi feliz.



Madre Teresa cuidando nenos abandonados na rúa.



Dando de comer os nenos e nenas sen fogar.



Alimentando a xente sen recursos.



Cuidando dos enfermos, no hospital construído por ela.



Na casa que tiña para que as persoas tiveran onde durmir.

-Comentario.

Cos feitos de Xesús ó longo da súa vida, así coma ca historia da vida de Madre Teresa, quero ensinarvos a importancia da igualdade entre as persoas, que todos somos iguais e ninguén é máis ca ninguén.

Que esa igualdade baséase no amor.

Un amor que fai sempre felices as persoas, como lle pasou a Teresa.

-Actividades.

A actividade que vos propoño, **coma sempre voluntaria**, consiste na elaboración dunhas mans. Non porque estas sexan o motivo da paz, que tamén, senón porque cas mans damos agarimos os compañeiros tristes, axudamos os amigos, compartimos cando non teñen, abrazámonos os nosos pais e nais, collémonos delas facendo que a igualdade no mundo non sexa un desexo, senón unha realidade, en definitiva, con elas construímos amor e co amor felicidade.

Propoñovos dúas actividades, unha orientada a Infantil e outra a Primaria. Anque podedes escoller a que máis vos guste. Por este motivo, envíovos a todos/as os dous modelos.

Nos dous modelos que vos adxunto, vanse facer unhas mans, pero cada unha delas debédela facer cunha cor distinta.

O motivo é que vós entendades que anque parecen distintas, con distinta forma ou cor, son iguais, son as vosas mans comprendendo deste xeito a igualdade.

Infantil.

-Collemos dous folios e unímolos de forma horizontal.

-Pregámoslos en cinco partes a semellanza do modelo da imaxe.

-Na parte central debuxáresvos e coloreáresvos.

-En cada esquina debuxades as vosas mans. Poñédelas encima do folio e cun lapis debuxádelas.

-Cada man coloreádela dun cor distinta.

-Debuxades os vosos brazos.

-Por último, nas vosas mans ou nos brazos podedes facer debuxos ou escribir algo



Primaria.

-Collemos dous folios, en cada un debuxamos as nosas mans.

-Logo pintámolas de cores distintos. Tamén vale se son folios de cores.

-Recortámolas.

-Da parte sobrante do folio no que fixemos as mans, collemos a máis grande.

-Con ela facemos un tira, aproximadamente do ancho de tres dos nosos dedos.

-A tira pregámola moitas veces, unha vez para adiante e outra para atrás, como se amosa no modelo, a imitación dun acordeón.

-O longo da tira escribimos a palabra IGUALDADE. Logo podemos decorala como queiramos.

-Pegamos nos extremos da tira cada unha das dúas mans.



'A paz comenza con [un sorriso](#)'.